

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MARTES, 23 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****CIDADE DA CULTURA**

10,00 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, participará no acto de sinatura do protocolo xeral entre a Xunta de Galicia e o sector TIC para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia (Pacto Dixital).

A CORUÑA

17,30 h.- O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, participará na clausura da xornada formativa *Observatorio Contra a Violencia Doméstica e de Xénero*, organizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)**

12,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará nunha acción de concienciación ambiental sobre a celebración do San Xoán.

A CORUÑA

16,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, recibirá ao presidente da Asociación Española contra o Cancro na provincia da Coruña, Javier Álvarez Barbeito.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a empresa Grupo Tecnológico Artabria, no marco das axudas para a transformación dixital das pemes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, comprobará a execución das obras da senda de Castelo.

O CORGO (Lugo)

13,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, manterá un encontro institucional co alcalde, Felipe Labrada.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

11,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará na presentación da 22ª edición do *Curso de Medios Audiovisuais de Celanova* (CeMAC).

O PEREIRO DE AGUIAR (Ourense)

13,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará nunha acción de concienciación ambiental sobre a celebración do San Xoán.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na inauguración do Obradoiro Dual de Emprego *Mar de Santiago V.*

PONTEVEDRA

20,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá á fogueira de San Xoán organizada pola Asociación de Profesionais e Pequenas Empresas da Parada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

SALCEDA DE CASELAS (Pontevedra)

11,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á inauguración do obradoiro de emprego *Salceda Verde*.

VIGO

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á presentación do *59º Rally Rías Baixas*.

CASA DE GALICIA

MADRID

20,00 h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá a presentación do *Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Ribeiro-Carballiño*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A CORUÑA

20,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado polo secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao quinto e definitivo partido da final da OK Liga de hóckey entre o HC Liceo e o Igualada HC.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

PONTEDEUME (A Coruña)

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará un acordo relacionado co Parque Natural Fragas do Eume.

SANXENXO (Pontevedra)

12,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará nunha acción de concienciación ambiental sobre a celebración do San Xoán.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na xornada informativa para empresas sobre o proxecto de Galicia para a Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN).

09,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na apertura da xornada *Menores e redes sociais. Non hai benestar sen benestar dixital*.

A CORUÑA

10,00 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, participará na reunión do consello reitor do Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA).

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, supervisará o desenvolvemento das probas para os *Premios extraordinarios de Educación Secundaria Obrigatoria*.

A CORUÑA

15,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na inauguración das *XXXIV Xornadas Técnicas de RedIRIS* na Universidade da Coruña.

Posteriormente, ás **16,30 h.** participará na mesa redonda sobre soberanía dixital.

VIGO

18,45 h.- A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, participará no acto de graduación do Centro de Estudos Superiores Aloya.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, participará no pleno ordinario do Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia.

BAIONA (Pontevedra)

11,00 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, acudirá a un encontro con participantes do programa *Amar o mar*.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

A CORUÑA

11,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará as obras da promoción de 40 vivendas públicas que a Xunta constrúe en Xuxán e manterá un encontro con varias persoas adxudicatarias destes fogares.

TRAZO (A Coruña)

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, visitará unha actuación executada ao abeiro do Plan Hurbe.

VIGO

10,00 h.- A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza, participará nun almorzo informativo promovido pola Asociación de Construtores de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

12,40 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto co xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), Antonio Fernández Campa, participará no acto de benvida dos novos investigadores ao Sistema de Investigación en Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

09,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, presidirá a reunión do Padroado da Fundación da Cidade da Cultura.

VIGO

17,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, participará na apertura das xornadas *Patrimonio Cultural da Igrexa*, organizadas pola Diocese de Vigo-Tui.

PORTO (Portugal)

Convocatoria en hora local, 21,30 h. en Galicia

20,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, participará na celebración da festividade de São João.

AMES (A Coruña)

10,45 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na entrega de premios do *XIV Certame de Microrrelatos Feiraco Letras Galegas*.

BUEU (Pontevedra)

12,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, presentará os descontos para os festivais *Son Rías Baixas* e o *Bigsound*, integrados no programa Carné Xove.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

VERÍN (Ourense)

12,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, manterá un encontro con representantes da Asociación de Hostaleiros da Comarca de Monterrei e o Centro Comercial Urbano de Verín para darlles conta das iniciativas da Consellería para este 2026.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O PORTO DO SON (A Coruña)

10,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, comprobará os traballos de prevención realizados ao abeiro do convenio de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

SILLEDA (Pontevedra)

12,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, visitará a Agrupación Forestal de Xestión Conxunta de Moalde, constituída ao abeiro das achegas convocadas pola Consellería.

O IRIXO (Ourense)

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, visitará o pasteiro desenvolvido no monte veciñal en man común de Baxín no concello do Irixo.

Posteriormente, achegarase ata outro pasteiro, no monte veciñal do Sisto, na localidade de Forcarei.

CONSELLERÍA DO MAR

VIGO

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, inaugurará o programa *Diálogos do Mar*, co que se clausuran os actos do 25 aniversario do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar).

SAN CAETANO

13,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, reunirse co patrón maior da Confraría de pescadores 'Virgen del Carmen' de Corcubión, Urbano Suárez.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA